FACULTADE DE PSICOLOXÍA

# PLAN ESTRATÉXICO DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA 2024-2026

# Índice

**1. Introdución ....................................................................................................4**
**2. A Facultade de Psicoloxía ..............................................................................5**
2.1. Orixe do centro ..........................................................................................5
2.2. Catálogo actual de titulacións ..........................................................................6
2.2.1. Graos ..................................................................................................6
2.2.2. Mestrados ............................................................................................6
2.2.3. Programas de doutoramento ..........................................................................6
2.3. Grupos de investigación actuais .......................................................................6
2.3.1. Tratapsicológico ......................................................................................7
2.3.2. UNDERISK..............................................................................................7
2.3.3. Problemas sociais ....................................................................................7
2.3.4. GRCH ..................................................................................................7
2.3.5. COSOYPA ..............................................................................................7
2.3.6. PsiCom.................................................................................................7
2.3.7. NECeA..................................................................................................7
2.3.8. NeuCogA-Aging.........................................................................................7
2.3.9. Cogniciónеconducta ...................................................................................7
2.3.10. AEIPSE ...............................................................................................8
2.3.11. INDEIN ...............................................................................................8
2.4. Sistema de Garantía de Calidade.........................................................................8
**3. Misión, visión e valores.................................................................................9**
3.1. Misión ..................................................................................................9
3.2. Visión ..................................................................................................10
3.3. Valores.................................................................................................10
**4. Liñas estratéxicas......................................................................................10**
4.1. Liña estratéxica de centro 1 (LEC1): Oferta formativa integral e adaptada ás necesidades da profesión ..........................................................................................11
4.2. Liña estratéxica de centro 2 (LEC2): Participación dos distintos grupos de interese no funcionamento da Facultade ..........................................................................12
4.3. Liña estratéxica de centro 3 (LEC3): Optimización dos recursos humanos e materiais......12
4.4. Liña estratéxica de centro 4 (LEC4): Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social ...............................................................................................13
**5. Diagnose estratéxica ...................................................................................13**
5.1. LEC1: Oferta formativa integral e adaptada ás necesidades da profesión ...................14
5.1.1. Análise DAFO .........................................................................................14
5.1.2. Análise CAME..........................................................................................15
5.2. LEC2: Participación dos distintos grupos de interese no funcionamento da Facultade .....15
5.2.1. Análise DAFO .........................................................................................15
5.2.2. Análise CAME..........................................................................................16

5.3. LEC3: Optimización dos recursos humanos e materiais ....................17
5.3.1. Análise DAFO ....................17
5.3.2. Análise CAME....................18
5.4. LEC4: Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social ....................18
5.4.1. Análise DAFO ....................18
5.4.2. Análise CAME....................19
**6. Obxectivos estratéxicos ....................19**
6.1. Introdución aos obxectivos estratéxicos ....................19
6.2. Obxectivos estratéxicos e accións vinculadas ....................26
**7. Desenvolvemento do PEC ....................31**
7.1. Comisión responsable da elaboración do PEC ....................31
7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC ....................32
7.3. Difusión do PEC....................32

## Control da elaboración e aprobación

| Fase | Unidade/Órgano | Data |
|---|---|---|
| Elaborado por | Comisión de Calidade da Facultade de Psicoloxía | 18/07/2024 |
| Informe técnico por | Área de Calidade e Mellora dos Procedementos | 25/09/2024 |
| Aprobado por | Xunta de Facultade de Psicoloxía | 25/11/2024 |
| Aprobado por | Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno | 29/11/2024 |

# 1. Introdución

O Plan Estratéxico de Centro (PEC) 2024-2026 da Facultade de Psicoloxía, que se presenta neste documento e que servirá de guía para orientar a finalidade do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC), descansa sobre o exercicio reflexivo e repousado acerca da misión, visión e valores que presiden a política de calidade desta institución pública de educación superior, que se aliña coa política e obxectivos de calidade xerais da Universidade de Santiago de Compostela.

O proceso de elaboración deste PEC aséntase na experiencia acumulada dos Plans Estratéxicos previos do centro que se veñen sucedendo, de xeito ininterrompido, desde o 2011 e que sentaron as bases do seu desenvolvemento definitivo, logo das oportunas revisións, axustes e melloras pautadas no *PE-01 Planificación estratéxica* e *PE-02 Revisión e mellora* do Manual de Procesos do SGC do centro.

Este proceso de reflexión sistematizado, reúne as sinerxias da Comisión de Calidade do Centro (CCC) e do equipo decanal, con representación plena nesta comisión e que asume o compromiso de encabezar este labor. Este exercicio de reflexión inicial constitúe o primeiro paso cara o desenvolvemento deste PEC. Entre os elementos que contribuíron de xeito decisivo á formalización do mesmo, destaca a posta en común da experiencia acumulada que supón o sostemento do SGC ao longo do tempo, que permitiu identificar as fortalezas que mellor o representan, recoñecer as debilidades que o afectan, detectar as oportunidades de mellora e crecemento, prever as ameazas potenciais, e mesmo enfrontar os retos desde a contorna académica, profesional e social.

A elaboración deste PEC, de alcance bianual, segue unha liña continuista, como se sinalou máis arriba, e comprometida coa procura do mantemento do SGC e conta coa particularidade de organizarse seguindo unha orde de prioridades nas metas, obxectivos e requirimentos que a Facultade de Psicoloxía asume como propios e que foron consensuados con todos os colectivos de interese que participaron do mesmo.

O seu deseño fundaméntase nunha serie de estratexias que lle permitan: a) acadar a excelencia académica e manter o liderado no ámbito da psicoloxía, a través dunha formación de calidade que capacite ao seu estudantado para o abordaxe dos desafíos dunha sociedade complexa e cambiante con responsabilidade e ética profesional; b) centrar todos os esforzos no mantemento da calidade das actividades que lle son propias: académica, investigadora, de xestión e de transferencia; e, c) apostar pola apertura á contorna e a difusión do coñecemento que contribúa ao desenvolvemento social e económico da comunidade.

A implementación deste plan, permitirá responder ás demandas actuais no eido da psicoloxía profesional e anticiparse ás tendencias e necesidades futuras, en parte, grazas á incorporación de profesionais en exercicio e potenciais empregadores no funcionamento do centro e nos procesos consultivos; reforzará a colaboración e o vínculo entre os ámbitos profesionais, académicos e de investigación que fagan sinxela a transferencia do coñecemento á contorna social; e fortalecerá o noso compromiso para seguir sendo un referente na formación de profesionais da psicoloxía.

# 2. A Facultade de Psicoloxía

## 2.1. Orixe do centro

No curso académico 1973-74 comezouse a impartir a formación universitaria en Psicoloxía na USC, orixinalmente como especialidade dentro da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación. A partir de 1981 constituíuse formalmente a Sección de Psicoloxía, que se converteu en Facultade independente en 1991. Durante estas décadas, a Facultade evolucionou ata converterse nun centro recoñecido pola calidade da súa docencia e da súa investigación. Tanto é así que en 2019 foi recoñecida coa Acreditación Institucional outorgada polo *Consejo de Universidades*, que certifica a implantación con éxito dun sistema de garantía de calidade nos títulos que nela se imparten.

Como profesión, a psicoloxía experimentou un auxe importante, e foise implantando en distintos contextos, dando lugar á consolidación de perfís profesionais específicos, entre eles os da psicoloxía clínica, a psicoloxía educativa, a psicoloxía do traballo e das organizacións, psicoloxía social e comunitaria, psicoxerontoloxía, neuropsicoloxía ou a psicoloxía xurídico-forense. A estes grandes ámbitos da psicoloxía, máis tradicionalmente coñecidos, súmanselle outros que se foron desenvolvendo na última década ata converterse en ámbitos de especialización propios, como o da intervención en emerxencias e catástrofes ou a psicoloxía do deporte. As titulacións que se imparten no centro pretenden proporcionar formación que achegue aos estudantes ao coñecemento da maior parte destes ámbitos de actuación da psicoloxía.

A Facultade de Psicoloxía da USC segue a ser un centro que se caracteriza polo compromiso coa calidade da docencia e da investigación, e pola aposta decidida por fomentar a vinculación entre o contexto académico e o ámbito profesional da psicoloxía. Ademais, o compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade e coa promoción da igualdade e da sostibilidade son valores que guían as actuacións do centro como institución de educación pública superior.

## 2.2. Catálogo actual de titulacións

### 2.2.1. Graos

A Facultade de Psicoloxía imparte unha titulación de Grao: o Grao en Psicoloxía, con mención en Psicoloxía da Saúde (Código RUCT 2500462; Código USC G2011), implantado no curso 2009/2010.

### 2.2.2. Mestrados

A Facultade de Psicoloxía imparte actualmente dous mestrados universitarios e un mestrado interuniversitario:

- Máster Universitario en Psicoloxía coas especialidades de Psicoloxía da Intervención Social e Comunitaria e de Psicoloxía Experimental (Código RUCT 4317022; código USC P3411), implantado no curso 2019/2020.
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria (Código RUCT 4314481; Código USC P2151), implantado no curso 2014/2015.
- Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía (2ª ed.) (Código RUCT 4314476; Código USC P2171), implantado no curso 2014/2015. Nel participan, ademais da USC que o coordina, a Universidad de Barcelona, a Universidad de Salamanca e a Universidad de Valencia.

### 2.2.3. Programas de doutoramento

A Facultade de Psicoloxía a través dos departamentos adscritos ao centro ofrece os seguintes programas de doutoramento:

- Programa de Doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde
- Programa de Doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social
- Programa de Doutoramento en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

## 2.3. Grupos de investigación actuais

Actualmente, existen 11 grupos de investigación que aglutinan a máis de 70 profesores/as de todos os departamentos adscritos á Facultade de Psicoloxía e que imparten docencia nas súas titulacións:

### 2.3.1. Tratapsicológico

Avaliación e tratamento das adiccións, trastornos alimentarios, do estado de ánimo e psicoloxía da saúde - GI-1414 (Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía).

### 2.3.2. UNDERISK

Unidade de investigación das conductas de risco e os trastornos no desenvolvemento - GI-1416 (Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía).

### 2.3.3. Problemas sociais

Problemas sociais: Análise, avaliación e intervención - GI-1420 (Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía).

### 2.3.4. GRCH

Grupo de investigación en Cognición Humana - GI-1455 (Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía).

### 2.3.5. COSOYPA

Comportamento Social e Psicometría Aplicada - GI-1456 (Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía).

### 2.3.6. PsiCom

Psicoloxía do consumidor e usuario - GI-1466 (Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía).

### 2.3.7. NECeA

Grupo de Investigación en Neurociencia Cognitiva e Afectiva - GI-1806 (Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía).

### 2.3.8. NeuCogA-Aging

Neurociencia Cognitiva Aplicada e Psicoxerontoloxía - GI-1807 (Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía).

### 2.3.9. Cogniciónconducta

Procesos cognitivos e conduta - GI-1842 (Departamento de Psicoloxía Social, Básica e

Metodoloxía).

#### 2.3.10. AEIPSE

Aspectos evolutivos e intervención psicoeducativa - GI-1875 (Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación).

#### 2.3.11. INDEIN

Grupo de Investigación en desenvolvemento e inclusión no ciclo vital - GI-2179 (Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación).

### 2.4. Sistema de Garantía de Calidade

A Facultade de Psicoloxía conta coa Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015, de 29 de maio, e a Resolución da *Secretaría General de Universidades* de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do *Consejo de Universidades* de 28 de febreiro de 2019, unha vez que a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade fora certificada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en xuño de 2018, e tres dos títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) tiñan renovada a súa acreditación en 2016 (Grao en Psicoloxía) e 2018 (Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria; Máster Interuniversitario en Psicoxerontoloxía). A Facultade de Psicoloxía obtivo a renovación da acreditación da implantación do SGC certificada pola ACSUG en febreiro de 2024.

A Facultade de Psicoloxía desenvolve a súa política de calidade a través do PEC, que se revisa e axusta coa periodicidade que establece o Plan Plurianual da USC, para adaptalo ás circunstancias particulares derivadas das necesidades formativas e cumprir co propósito de proporcionar unha formación de excelencia, e mesmo para aliñarse co Plan Estratéxico (PE) da USC, axustes e melloras pautadas no *PE-01 Planificación estratéxica* e *PE-02 Revisión e mellora* do Manual de Procesos do SGC do centro. Este PEC operativízase anualmente na Memoria de Calidade, ferramenta para o seguimento do SGC no seu conxunto e as titulacións que se imparten, e o Plan Anual de Melloras nela integrado, no que se identifican os aspectos a corrixir ou mellorar nas diferentes dimensións do Sistema. Ademais desta documentación, o Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos da Facultade de Psicoloxía dan soporte ao SGC do centro. A información recollida e analizada na Memoria anual de calidade, baseada fundamentalmente en indicadores e enquisas institucionais de satisfacción, vese complementada por indicadores propios do centro que avalían a satisfacción dos grupos de interese (profesorado, estudantado e egresados) coa formación recibida nas titulacións impartidas, por exemplo, en relación ás prácticas externas ou ao traballo fin de grao/máster; coas actividades de

información e orientación laboral e profesional ao longo dos estudos; ou coas taxas de inserción laboral dos egresados.

Os órganos principais que velan polo cumprimento do SGC son, ademais do equipo de dirección e a responsable de calidade do centro, a CCC e as Comisións de Título das catro titulacións impartidas na Facultade, así como os/as coordinadores/as dos títulos e o coordinador/a de calidade, se o houber. Ademais, o centro contará cun comité consultivo de expertos profesionais para orientar ao equipo decanal e á CCC na actualización da oferta formativa e a mellora do seu axuste ás demandas da profesión da psicoloxía e para avaliar a satisfacción do grupo de interese integrado por profesionais en exercicio e potenciais empregadores.

Por último, a Facultade conta con tres actividades recoñecidas como boas prácticas de calidade pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela. Estas iniciativas están dirixidas a mellorar a formación do estudantado, así como aproximar o mundo académico e o mundo profesional dende diferentes ámbitos da Psicoloxía:

- Ciclo de charlas *A práctica profesional da Psicoloxía*. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2019.
- Tempo da Psicoloxía. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2023.
- Curso sobre recursos de información e técnicas documentais para a realización do TFG. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2024.

# 3. Misión, visión e valores

## 3.1. Misión

A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, como centro prestador dun servizo público, ten como obxectivo prioritario contribuír á formación integral e inclusiva de profesionais e académicos de excelencia no ámbito da Psicoloxía, a través dunha educación de calidade baseada en principios éticos e científicos. Para acadar este dobre obxectivo, o centro, promove o pensamento crítico, a responsabilidade social e o emprego de métodos de ensinanza innovadores que contribúan á formación de profesionais comprometidos coa saúde mental, o benestar e o desenvolvemento psicolóxico e psicosocial das persoas e da comunidade. Por outra banda, afánase na xeración, na transmisión e na difusión de coñecemento nas áreas disciplinares que son o eixe desta disciplina e que garanten a consolidación dun entorno académico de excelencia que posibilite a continuidade da súa labor prioritaria: a formación de profesionais no ámbito da Psicoloxía.

## 3.2. Visión

A Facultade de Psicoloxía, no seu proxecto de futuro desexable, pretende consolidarse como unha facultade:

- De prestixio, tanto no contexto universitario como na contorna social, que destaque pola súa oferta académica e a súa actividade investigadora e de transferencia.
- Comprometida coa sociedade, capaz de responder ás demandas cambiantes do exercicio profesional, e de contribuír ao desenvolvemento económico, social e cultural da nosa comunidade.
- Cunha orientación centrada no estudantado e na súa formación, tanto profesional, como ética e persoal.
- Comprometida tamén coa actualización formativa e o desenvolvemento da carreira profesional do seu persoal.
- Cun funcionamento centrado nas persoas e nas súas competencias, na que a toma de decisións estea baseada na participación e responsabilidade dos distintos colectivos que a integran.

## 3.3. Valores

Considerando a misión e a visión anteriormente expostas, a Facultade de Psicoloxía réxese polos seguintes principios:

- Procura da excelencia nas actividades académicas, de investigación e de transferencia.
- Compromiso co código deontolóxico da Psicoloxía.
- Compromiso coa transparencia, a eficiencia e sostibilidade na xestión dos recursos.
- Compromiso cunha xestión democrática baseada no diálogo e na participación.
- Compromiso coa igualdade, equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminación.
- Compromiso co principio de xustiza social que debe rexer unha institución pública nunha sociedade democrática.

# 4. Liñas estratéxicas

De acordo coa Misión, Visión e Valores anteriormente expostos, o PEC 2024-2026 da Facultade de Psicoloxía susténtase en catro liñas estratéxicas prioritarias, a alcanzar no marco temporal proposto, que pretenden dar resposta ás necesidades actuais e incluír a todos os grupos de interese na implantación do SGC do centro. Estas liñas defínense en consonancia coas liñas establecidas nos plans estratéxicos previos e organízanse en torno a tres eixes principais:

- ✓ Centrarse nas persoas: nos estudantes, e no persoal, PDI e PTXAS; facilitando o

proceso de formación académica e tamén ética e social do estudantado, e procurando unhas condicións favorables para o desenvolvemento persoal e profesional dos seus traballadores.

- ✓ Poñer a calidade como meta de todas as actividades do centro: académica, investigadora, de xestión e de transferencia
- ✓ Abrirse a súa contorna, con propósitos de difusión do coñecemento, pero tamén de contribuír ao desenvolvemento social e económico da comunidade.

| LIÑAS ESTRATÉXICAS - USC | LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO - PSICOLOXÍA |
|---|---|
| LE1 – Estudantado e a comunidade universitaria | LEC2 – Participación dos distintos grupos de interese no funcionamento da Facultade |
| LE2 – Formación e a docencia no novo contexto | LEC1 – Oferta formativa integral e adaptada ás necesidades da profesión |
| LE3 – Retos na política de persoal | LEC3 – Optimización dos recursos humanos e materiais |
| LE4 – Investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar | LEC4 – Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social |
| LE5 – Senda da internacionalización | LEC3 – Optimización dos recursos humanos e materiais |
| LE6 – Procura de infraestruturas ecoeficientes | LEC3 – Optimización dos recursos humanos e materiais |
| LE7 – A USC na era da transformación dixital | LEC3 – Optimización dos recursos humanos e materiais |
| LE8 – A xestión eficiente dos recursos | LEC3 – Optimización dos recursos humanos e materiais |

## 4.1. Liña estratéxica de centro 1 (LEC1): Oferta formativa integral e adaptada ás necesidades da profesión

En aliñamento coas liñas xerais 1 e 2 da programación plurianual 2023-26 da USC e coas liñas estratéxicas 1 e 2 do PE 2024-26 da USC, a Facultade de Psicoloxía proponse seguir a impulsar unha visión integral do proceso formativo e a robustecer a calidade das titulacións que nela se imparten, promovendo non só as competencias curriculares necesarias para a incorporación exitosa do estudantado ao ámbito profesional, senón tamén contribuíndo a unha formación transversal en competencias éticas e cívico-sociais. A potenciación das competencias para a empregabilidade debe partir da colaboración efectiva cos profesionais en exercicio e potenciais empregadores que poidan transmitir o seu coñecemento práctico baseado nas necesidades reais da profesión. A ampla rede de convenios, con dispositivos que colaboran na titorización do prácticum e prácticas externas das titulacións da Facultade, servirá de sustento para fortalecer as relacións de

colaboración co ámbito profesional e laboral que contribúan á actualización dos contidos formativos impartidos ao estudantado. O fin último desta liña estratéxica é mellorar a formación integral do estudantado, como futuros/as profesionais da Psicoloxía, e dotalos das competencias e habilidades necesarias para dar resposta ás necesidades reais da profesión.

## 4.2. Liña estratéxica de centro 2 (LEC2): Participación dos distintos grupos de interese no funcionamento da Facultade

En aliñamento coa liña xeral 1 da programación plurianual 2023-26 da USC e coa primeira liña estratéxica do PE 2024-26 da USC, a Facultade de Psicoloxía considera imprescindible para o bo funcionamento do centro e a óptima implantación do SGC seguir promovendo a participación dos distintos grupos de interese; especialmente do estudantado, que presenta ano tras ano unha relativa baixa participación xeneralizada nas enquisas de satisfacción institucionais e participa de forma irregular nas distintas comisións do centro. Ademais dos colectivos máis directamente implicados no funcionamento ordinario do centro (PDI, PTXAS e estudantado), tamén se considera relevante incrementar a participación dos colectivos de egresados e de potenciais empregadores. Neste sentido, a CCC considera necesaria a creación dun comité consultivo externo, conformado por profesionais en exercicio, que poida aportar a súa experiencia para mellorar as dinámicas de formación e funcionamento do centro. Non obstante, para conseguir a integración efectiva destes grupos necesítanse articular medios de participación e recollida da información eficientes, que non interfiran notablemente no desenvolvemento da vida académica, profesional e persoal dos grupos implicados. O fin último desta liña estratéxica é aumentar a participación efectiva de todos os grupos de interese no sistema de calidade da Facultade para mellorar o funcionamento do centro e actualizar e axustar, en base á información recollida, a formación impartida ás demandas da profesión.

## 4.3. Liña estratéxica de centro 3 (LEC3): Optimización dos recursos humanos e materiais

En aliñamento coas liñas xerais 2 e 5 da programación plurianual 2023-26 da USC e coas liñas estratéxicas 3 e 6 do PE 2024-26 da USC,, a Facultade de Psicoloxía aposta pola necesidade de optimizar os recursos humanos do centro, especialmente do PDI en materia de competencias dixitais e proxección internacional en docencia e investigación, e do PTXAS en competencias dixitais de soporte ao proceso de ensinanza-aprendizaxe. A recente demanda de adecuación ás novas tecnoloxías e á IA na docencia esixe que o PDI estea formado en estratexias e metodoloxías de innovación docente que poidan enriquecer e facilitar a aprendizaxe do estudantado, e que o PTXAS estea capacitado para proporcionar o soporte técnico e de xestión necesario. Así mesmo, a internacionalización do PDI e o fomento da súa participación en programas de intercambio docente e investigador

permitirá situar á Facultade como un centro competitivo e potenciar a calidade docente nas titulacións impartidas. Por outra banda, en aliñamento coas liñas xerais 1 e 7 da programación plurianual 2023-26 da USC, a Facultade de Psicoloxía proponse optimizar os recursos materiais, infraestruturas e equipamento necesario para a docencia, a investigación e os servizos á comunidade do centro; sen esquecer a importancia de seguir creando espazos de convivencia que contribúan á mellora e aproveitamento eficiente do tempo do estudantado no centro. A promoción de hábitos de economía circular e comportamentos ambientalmente sostibles é complementaria ao avance na implementación da transformación dixital nos procedementos académicos e de xestión. O mantemento e renovación de espazos e equipamento docente para dar resposta ás demandas dixitais e o aumento na utilización de mecanismos dixitais en procedementos administrativos e documentais son dous piares sobre os que se sustenta o novo modelo de docencia e xestión do centro. En definitiva, o obxectivo desta liña estratéxica é potenciar e optimizar os recursos humanos e materiais do centro procurando a súa competitividade, eficiencia e sostibilidade.

### 4.4. Liña estratéxica de centro 4 (LEC4): Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social

En aliñamento coa liña xeral 4 da programación plurianual 2023-26 da USC e coa liña estratéxica 4 do PE 2024-26 da USC, a Facultade de Psicoloxía pretende seguir impulsando a investigación e a innovación en colaboración con entidades, institucións e colectivos da contorna social, facendo especial fincapé na transferencia do coñecemento. Dende os diferentes grupos de investigación e unidades asistenciais vinculados ao centro que conforman o Servizo de Psicoloxía e prestan, de forma directa ou indirecta, servizo psicolóxico á comunidade, a Facultade proxéctase como un motor de desenvolvemento social a través da promoción de sinerxias entre o ámbito académico-investigador e o ámbito profesional. As iniciativas que parten destes grupos e unidades dan resposta a necesidades da sociedade en materia de saúde mental e axuste psicolóxico e psicosocial que, nunha sociedade cada vez máis demandante, afectan especialmente a colectivos vulnerables. Nesta labor de transferencia e transmisión do coñecemento cobra especial relevancia a colaboración entre a Facultade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, como órgano que, entre outras funcións, vela pola calidade da formación e dos servizos prestados polos profesionais colexiados e contribúe ao recoñecemento social da profesión. O fin último desta liña estratéxica, por tanto, é promover o compromiso do centro e das súas iniciativas coa transferencia efectiva do coñecemento á contorna social na procura dunha sociedade máis xusta e equitativa.

# 5. Diagnose estratéxica

A análise DAFO pretende delimitar tanto as características internas da Facultade,

identificando as súas fortalezas e debilidades, como as do contexto externo, identificando as ameazas e oportunidades. A análise das oportunidades e ameazas do contorno, así como das fortalezas e debilidades do centro, é o que permite definir a estratexia do centro, visualizando como utilizar as fortalezas internas para aproveitar as oportunidades e defenderse das ameazas, superando os puntos febles. Unha vez identificadas as características principais que permiten definir as condicións internas e contextuais da Facultade, trátase, mediante a análise CAME, de definir os mecanismos e estratexias para: corrixir as debilidades, afrontar as ameazas, manter as fortalezas e explotar as oportunidades.

## 5.1. LEC1: Oferta formativa integral e adaptada ás necesidades da profesión

### 5.1.1. Análise DAFO

| LEC1 | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| Condicións internas orientación ao presente | FORTALEZAS<br>• Exitoso fomento de actividades formativas, no propio centro, relacionadas directamente coa práctica profesional.<br>• Satisfacción e boa valoración xeral dos títulos polos estudantes.<br>• Elevado número de convenios con dispositivos e centros para a realización das prácticas externas de todas as titulacións do centro que conforman una rede consolidada de titores profesionais que potencialmente poden ser empregadores. | DEBILIDADES<br>• Limitacións para remunerar aos centros e profesionais que se implican na titorización de prácticas externas.<br>• Baixa implicación do estudantado en actividades extracurriculares, non son obrigatorias. |
| Condicións externas orientación ao futuro | OPORTUNIDADES<br>• Boa relación cos centros de prácticas que posibilita a integración de profesionais en actividades formativas dirixidas ao estudantado dando a coñecer os distintos ámbitos profesionais.<br>• Establecemento de novas relacións con profesionais en activo que posibiliten a incorporación de novos convenios actualizando a | AMEAZAS<br>• Dependencia, para a realización das prácticas externas curriculares en todos os títulos da Facultade, da dispoñibilidade e a vontade de colaboración dos centros de prácticas.<br>• Existencia doutras titulacións que poden remunerar economicamente aos centros pola titorización das prácticas curriculares. |

| | | |
|---|---|---|
| | oferta de prácticas.<br>• Diversidade de convenios de colaboración con entidades externas na titorización de prácticas como medio de empregabilidade do estudantado, especialmente en titulacións de mestrado. | • Creación dunha nova titulación de Grao en Psicoloxía en Galicia. |

### 5.1.2. Análise CAME

| LEC1 | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| Fortalezas | ESTRATEXIAS DE REFORZO<br>• Aproveitar as instalacións do centro para realizar actividades docentes curriculares e extracurriculares en colaboración con profesionais en exercicio. | ESTRATEXIAS CORRECTORAS<br>• Fortalecer os lazos de colaboración coas entidades externas que titorizan as prácticas e procurar novas relacións con novos dispositivos. |
| Debilidades | ESTRATEXIAS DE ACCIÓN<br>• Constituír un comité consultivo externo, no que se integren profesionais en exercicio, para enriquecer a análise das competencias e habilidades demandadas polos empregadores aos egresados. | ESTRATEXIAS DE SUPERVIVENCIA<br>• Solicitar ao goberno da USC a mellora das recompensas económicas e/ou non económicas aos profesionais que titorizan prácticas e se implican nas actividades organizadas polo centro. |

## 5.2. LEC2: Participación dos distintos grupos de interese no funcionamento da Facultade

### 5.2.1. Análise DAFO

| LEC2 | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| Condicións internas orientación ao presente | FORTALEZAS<br>• Alto nivel de implicación dos equipos decanais do centro e da Comisión de Calidade no deseño e implementación do Sistema de Garantía de Calidade.<br>• Elevada demanda de novo ingreso nas titulacións do centro (especialmente no Grao e no Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria), | DEBILIDADES<br>• Baixa participación do PDI, estudantado e dos egresados nas enquisas de avaliación, así como nos órganos de xestión do centro.<br>• Falta de datos específicos sobre a satisfacción do PTXAS do centro coa formación recibida nas accións formativas |

| | | |
|---|---|---|
| | con notas de corte en alza e número de prazas cubertas por estudantes que solicitan estes estudos en primeira opción.<br>• Implementación de ferramentas online para a recollida de datos de satisfacción de indicadores propios do centro e do estudantado egresado. | organizadas pola USC.<br>• Difícil conciliación do crecente número de actividades académicas e de xestión coas dinámicas profesionais diarias, que impide a implicación dos grupos de interese. |
| Condicións externas orientación ao futuro | OPORTUNIDADES<br>• Relevo xeracional e incremento da plantilla na universidade que pode incidir nunha menor ratio estudantado/profesorado, contribuíndo a unha vinculación máis efectiva co estudantado e á súa implicación e participación no funcionamento do centro.<br>• Uso de canles virtuais e non presenciais de participación en enquisas e reunións que poden facilitar a implicación en procesos consultivos.<br>• Creación do Comité Consultivo Externo para incorporar a opinión de profesionais en exercicio e/ou potenciais empregadores na mellora da docencia e do funcionamento do centro. | AMEAZAS<br>• Excesiva complexidade dos procedementos de xestión e elevado número de actividades que dificultan a implicación de todos os grupos de interese.<br>• Dificultades para consolidar a matrícula nalgúns dos títulos do centro. |

### 5.2.2. Análise CAME

| LEC2 | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| Fortalezas | ESTRATEXIAS DE REFORZO<br>• Aproveitar o vicedecanato de coordinación de grao e a implicación dos titores do programa A Ponte para informar ao estudantado da finalidade das enquisas e fomentar o seu compromiso co centro.<br>• Aproveitar o vicedecanato de prácticum para motivar aos | ESTRATEXIAS CORRECTORAS<br>• Facilitar a participación dos grupos de interese no funcionamento do centro a través da concreción das tarefas a realizar, a mellora da planificación e a utilización de medios telemáticos de traballo. |

| | | |
|---|---|---|
| | titores profesionais a formar parte do comité consultivo externo e fomentar a súa participación activa. | |
| Debilidades | ESTRATEXIAS DE ACCIÓN<br>• Realizar campañas divulgativas para estudantes, PDI e PTXAS sobre a importancia da participación nos procesos consultivos do SGC. | ESTRATEXIAS DE SUPERVIVENCIA<br>• Promocionar a difusión activa das enquisas de satisfacción, a través de redes sociais, implicando directamente ao propio estudantado na súa difusión. |

## 5.3. LEC3: Optimización dos recursos humanos e materiais

### 5.3.1. Análise DAFO

| LEC3 | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| Condicións internas orientación ao presente | FORTALEZAS<br>• Alto nivel de cualificación do profesorado, tanto en formación docente como na labor investigadora, nos ámbitos da especialidade das materias que se imparten nos programas formativos do centro.<br>• PDI e PTXAS con dedicación a tempo completo, elevada experiencia, gran implicación e maioritariamente estable.<br>• Inversión previa en equipamento e espazos derivada da necesidade de docencia telemática, por mor da situación de pandemia, que permite ao centro contar cunha dotación axeitada para dar resposta ás novas necesidades tecnolóxicas. | DEBILIDADES<br>• Falta de formación nunha porcentaxe do PDI e PTXAS no que atinxe a estratexias docentes innovadoras e tecnoloxías emerxentes que poden ser aplicadas á docencia.<br>• Baixa participación do PDI do centro en cursos de formación específicos organizados pola USC.<br>• Escasa participación do PDI en programas de intercambio. |
| Condicións externas orientación ao futuro | OPORTUNIDADES<br>• Oferta crecente de cursos de PFID específicos e adaptados ás novas necesidades que derivan da aplicación das tecnoloxías emerxentes na xestión e na docencia.<br>• Establecemento de novas relacións docentes e | AMEAZAS<br>• Dificultades para a participación en cursos de formación derivadas das demandas crecentes das tarefas académicas, de investigación e de xestión.<br>• Dificultade de conciliación da vida persoal e profesional |

| | | |
|---|---|---|
| | investigadoras con universidades a nivel nacional ou estranxeiro.<br>• Concienciación das novas xeracións na sostibilidade. | que, xunto coa carga académica, limita a participación do PDI en programas de mobilidade docentes e estadías de investigación. |

### 5.3.2. Análise CAME

| LEC3 | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| Fortalezas | ESTRATEXIAS DE REFORZO<br>• Aproveitar a oferta crecente de cursos de PFID para fomentar unha actualización en metodoloxías docentes no PDI do centro.<br>• Seguir a investir na actualización e humanización das infraestruturas para mellorar a súa sostibilidade e promover o aproveitamento do desempeño dos colectivos do centro. | ESTRATEXIAS CORRECTORAS<br>• Fomentar e manter as boas relacións entre as facultades de psicoloxía de España e a rede de relacións dos grupos de investigación para establecer colaboracións na docencia e na investigación con PDI de universidades estatais ou estranxeiras. |
| Debilidades | ESTRATEXIAS DE ACCIÓN<br>• Motivar a actualización do PDI en novas metodoloxías docentes tendo en conta a IA. | ESTRATEXIAS DE SUPERVIVENCIA<br>• Motivar ao PDI a través dos grupos de investigación nos que están integrados para a realización de estadías curtas que sexan máis facilmente compatibles coas demandas da vida académica e persoal. |

## 5.4. LEC4: Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social

### 5.4.1. Análise DAFO

| LEC4 | Aspectos positivos | Aspectos negativos |
|---|---|---|
| Condicións internas orientación ao presente | FORTALEZAS<br>• Existencia dunha relación fluída e proveitosa co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.<br>• Existencia dunha Cátedra institucional Cruz Roja con sede na Facultade de Psicoloxía.<br>• PDI que ademais de perfil académico posúe | DEBILIDADES<br>• Desigual interacción dos grupos de investigación coa contorna profesional externa. |

| | | |
|---|---|---|
| | experiencia no eido profesional e/ou asistencial á comunidade contribuíndo á sinerxia entre mundo académico e profesional.<br>• Grupos de investigación altamente competitivos en diferentes ámbitos con redes de colaboración establecidas con entidades externas. | |
| Condicións externas orientación ao futuro | OPORTUNIDADES<br>• Sinerxias entre a USC e entidades externas á universidade que redundan nunha mellor transferencia de coñecemento á sociedade e nunha maior visibilidade do labor da psicoloxía.<br>• Crecente visibilización social da aportación da Psicoloxía ao benestar integral da sociedade. | AMEAZAS<br>• Dificultade para obter fontes de financiación para levar a cabo iniciativas colaborativas estables no tempo. |

### 5.4.2. Análise CAME

| LEC4 | Oportunidades | Ameazas |
|---|---|---|
| Fortalezas | ESTRATEXIAS DE REFORZO<br>• Potenciar a colaboración co COPG e coa Cátedra Cruz Roja para o fortalecemento das actividades de transferencia de coñecemento á contorna. | ESTRATEXIAS CORRECTORAS<br>• Fortalecer as sinerxias entre os grupos de investigación e as entidades externas a través da cesión de espazos para a realización de actividades colaborativas. |
| Debilidades | ESTRATEXIAS DE ACCIÓN<br>• Facer uso das redes sociais das unidades asistenciais e dos grupos de investigación para promocionar e visibilizar a labor de transferencia e a aportación da Psicoloxía á sociedade. | ESTRATEXIAS DE SUPERVIVENCIA<br>• Difundir aos grupos de investigación as posibilidades e convocatorias de financiamento dirixidas á transferencia de coñecemento. |

# 6. Obxectivos estratéxicos

## 6.1. Introdución aos obxectivos estratéxicos

Preséntase, a continuación, un cadro resumo que sintetiza as liñas, obxectivos e accións estratéxicas, así como información relevante para establecer un sistema de seguimento do PEC que suporá a base da análise anual da súa execución.

# CADRO DE SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO (FACULTADE DE PSICOLOXÍA)

| | | | | | | SEGUIMENTO (data) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivo estratéxico | Período de execución | Acción | Indicador | Situación inicial /Meta | Data final de execución | Porcentaxe de Execución | Observacións |
| LE 1. OFERTA FORMATIVA INTEGRAL E ADAPTADA ÁS NECESIDADES DA PROFESIÓN | OE 1.1. Ofrecer programas formativos actualizados ás demandas da profesión da psicoloxía para potenciar as competencias para a empregabilidade | Setembro 2024 – Decembro 2026 | AC 1.1.1. Incorporar contidos e actividades na oferta formativa centrados na práctica laboral e profesional das distintas saídas potenciais das titulacións do centro | Nº de actividades realizadas | Meta: realizar 5 actividades por curso | | | |
| | | | AC 1.1.2. Organizar actividades formativas impartidas por profesionais en exercicio nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía | Nº de actividades impartidas | Meta: realizar 10 actividades por curso | | | |
| | | | AC 1.1.3. Procurar novos convenios con centros e dispositivos en distintos ámbitos profesionais para a realización de prácticas externas | Nº de convenios asinados | Meta: asinar 10 novos convenios por curso | | | |

| | | | | | | SEGUIMENTO (data) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivo estratéxico | Período de execución | Acción | Indicador | Situación inicial /Meta | Data final de execución | Porcentaxe de Execución | Observacións |
| | OE 1.2. Fomentar as competencias éticas, cívico-sociais e de igualdade no marco dunha formación integral | Setembro 2024 – Decembro 2026 | AC 1.2.1. Realizar actividades que permitan incorporar na formación do estudantado a ética no exercicio profesional e investigador | Nº de actividades realizadas | Meta: realizar 2 actividades por curso | | | |
| | | | AC 1.2.2. Fomentar o papel da Comisión de Igualdade da Facultade na oferta formativa curricular e extracurricular | Nº de actividades realizadas | Meta: realizar 3 actividades por curso | | | |
| LE 2. PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS GRUPOS DE INTERESE NO FUNCIONAMENTO DA FACULTADE | OE 2.1. Implicar a PDI, PTXAS e estudantado no funcionamento da Facultade | Xullo 2024 – Decembro 2026 | AC 2.1.1. Fomentar a participación do PDI nas enquisas de satisfacción do SGC | % de participación | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior | | | |
| | | | AC 2.1.2. Fomentar a participación do PTXAS nas enquisas de satisfacción do SGC | % de participación | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior | | | |

| | | | | | | SEGUIMENTO (data) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivo estratéxico | Período de execución | Acción | Indicador | Situación inicial /Meta | Data final de execución | Porcentaxe de Execución | Observacións |
| | | | AC 2.1.3. Fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción do SGC | % de participación | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior | | | |
| | | Setembro 2024 – Decembro 2026 | AC 2.1.4. Realizar actividades para promover a integración do estudantado de novo ingreso | Nº de actividades realizadas | Meta: realizar 2 actividades por curso | | | |
| | OE 2.2. Manter contacto co colectivo de egresados dos títulos da Facultade | Xullo 2024 – Decembro 2026 | AC 2.2.1. Avaliar o índice de empregabilidade e o nivel de axuste entre a formación recibida e as demandas do exercicio profesional | % de participación | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior | | | |
| | OE 2.3. Incorporar a profesionais en exercicio e/ou potenciais empregadores no funcionamento da Facultade | Xullo 2024 – Decembro 2024 | AC 2.3.1. Crear un comité consultivo de expertos profesionais conformado por profesionais en exercicio e/ou empregadores para contribuír ao axuste entre o ámbito académico e o | Aprobación da constitución do comité pola CCC | Meta: crear o comité consultivo | | | |

| | | | | | | SEGUIMENTO (data) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivo estratéxico | Período de execución | Acción | Indicador | Situación inicial /Meta | Data final de execución | Porcentaxe de Execución | Observacións |
| | | | profesional | | | | | |
| LE 3. OPTMIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS | OE 3.1. Mellorar as competencias do PDI e o PTXAS do centro promovendo a súa actualización formativa | Setembro 2024 – Decembro 2026 | AC 3.1.1. Solicitar e organizar actividades que contribúan á adquisición de competencias de innovación docente e de investigación do PDI | % de participación | Meta: aumentar nun 5% a participación con respecto ao curso anterior | | | |
| | | | AC 3.1.2. Fomentar a participación do PDI en estadías e programas de intercambio nacional e internacional | % de participación | Meta: aumentar nun 5% a participación con respecto ao curso anterior | | | |
| | | | AC 3.1.3. Solicitar a organización de actividades que contribúan ao desempeño profesional do PTXAS | % de participación | Meta: aumentar nun 5% a participación con respecto ao curso anterior | | | |
| | OE 3.2. Mellorar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia promovendo a cultura da | Setembro 2024 – Decembro 2026 | AC 3.2.1. Incrementar a sostibilidade das infraestruturas e procedementos académicos e de | Nº accións realizadas | Meta: realizar 2 accións por curso para mellorar a | | | |

| | | | | | | SEGUIMENTO (data) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivo estratéxico | Período de execución | Acción | Indicador | Situación inicial /Meta | Data final de execución | Porcentaxe de Execución | Observacións |
| | sostibilidade | | xestión | | sostibilidade do centro | | | |
| | | | AC 3.2.2. Renovar os espazos físicos e o equipamento necesario para prestar un servizo de calidade na docencia, na investigación e no funcionamento xeral do centro | Nº de espazos revisados | Meta: investir en dotación, mantemento e/ou equipamento de 2 espazos por curso | | | |
| | | | AC 3.2.3. Dotar e manter espazos e infraestruturas de convivencia para o aproveitamento da permanencia no centro | Nº de espazos revisados | Meta: investir en dotación e/ou mantemento de 1 espazo por curso | | | |
| LE 4. TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E RELACIÓN COA CONTORNA SOCIAL | OE 4.1. Fortalecer o compromiso coa transferencia efectiva de coñecemento cara á sociedade | Setembro 2024 – Decembro 2026 | AC 4.1.1. Promocionar iniciativas de investigación e colaboración profesional en distintos contextos de intervención e, en especial, no campo da atención e coidados a colectivos vulnerables | Nº de iniciativas de colaboración | Meta: realizar 4 iniciativas de colaboración por curso | | | |

| | | | | | | SEGUIMENTO (data) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO | Obxectivo estratéxico | Período de execución | Acción | Indicador | Situación inicial /Meta | Data final de execución | Porcentaxe de Execución | Observacións |
| | | | AC 4.1.2. Fomentar a transmisión do coñecemento psicolóxico e as súas aplicacións ao contorno social a través da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia | Nº de actividades realizadas | Meta: colaborar na organización de 3 actividades por curso | | | |
| | | | AC 4.1.3. Manter e promocionar a actividade das Unidades do Servizo de Psicoloxía que prestan servizo asistencial psicolóxico á comunidade | Nº de unidades activas | Meta: manter activo o servizo das 9 unidades asistenciais | | | |

## 6.2. Obxectivos estratéxicos e accións vinculadas

Coa MMV rexendo a política de calidade do centro e tomando como base as liñas estratéxicas definidas e a súa análise diagnóstica, no PEC 2024-2026 da Facultade de Psicoloxía defínense e operativízanse os seguintes obxectivos estratéxicos.

| LIÑA ESTRATÉXICA 1: OFERTA FORMATIVA INTEGRAL E ADAPTADA ÁS NECESIDADES DA PROFESIÓN | |
|---|---|
| **Obxectivo estratéxico 1.1.<br>Ofrecer programas formativos actualizados ás demandas da profesión da psicoloxía para potenciar as competencias para a empregabilidade** | |
| **Xustificación do obxectivo:** A formación do estudantado nas distintas titulacións debe garantir as competencias e habilidades necesarias para incorporarse ao ámbito laboral e profesional, en constante actualización para dar resposta ás necesidades da sociedade. Para iso é fundamental implicar aos profesionais en exercicio e potenciais empregadores no proceso de ensinanza-aprendizaxe para facer chegar ao estudantado unha imaxe real e actualizada do exercicio da profesión da Psicoloxía. | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: setembro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| Acción 1: Incorporar contidos e actividades na oferta formativa centrados na práctica laboral e profesional das distintas saídas potenciais das titulacións do centro | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: nº de actividades realizadas<br>Meta: realizar 5 actividades por curso |
| Acción 2: Organizar actividades formativas impartidas por profesionais en exercicio nos distintos eidos de aplicación da Psicoloxía | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: nº de actividades impartidas<br>Meta: realizar 10 actividades por curso |
| Acción 3: Procurar novos convenios con centros e dispositivos en distintos ámbitos profesionais para a realización de prácticas externas | |
| Responsable da execución: vicedecana de prácticum | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: Memoria de Calidade | Indicador: nº de convenios asinados<br>Meta: asinar 10 novos convenios por curso |
| **Obxectivo estratéxico 1.2.<br>Fomentar as competencias éticas, cívico-sociais e de igualdade no marco dunha formación integral** | |
| **Xustificación do obxectivo:** A formación integral en competencias máis aló do curricular resulta imprescindible para formar ao estudantado e preparar a futuros profesionais para o exercicio libre, competente e ético da Psicoloxía sustentado nos principios fundamentais de xustiza social, equidade e igualdade. Para isto é imprescindible incorporar ao longo dos estudos formación curricular e extracurricular para fomentar estas competencias básicas e transversais que rexen o exercicio da nosa profesión. | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: setembro 2024<br>Fin: decembro 2026 |
| Acción 1: Realizar actividades que permitan incorporar na formación do estudantado a ética | |

| no exercicio profesional e investigador | |
|---|---|
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos; vicedecana de prácticum | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: nº de actividades realizadas |
| | Meta: realizar 2 actividades por curso |
| Acción 2: Fomentar o papel da Comisión de Igualdade da Facultade na oferta formativa curricular e extracurricular | |
| Responsable da execución: presidenta da Comisión de Igualdade do centro; decana | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: acta da Comisión de Igualdade | Indicador: nº de actividades realizadas |
| | Meta: realizar 3 actividades por curso |

| LIÑA ESTRATÉXICA 2: PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS GRUPOS DE INTERESE NO FUNCIONAMENTO DA FACULTADE | |
|---|---|
| **Obxectivo estratéxico 2.1.**<br>**Implicar a PDI, PTXAS e estudantado no funcionamento da Facultade** | |
| **Xustificación do obxectivo:** A integración e participación dos colectivos directamente implicados no funcionamento diario do centro, nomeadamente PDI, PTXAS e estudantado, debe ser reforzada para garantir a implementación óptima do Sistema de Garantía de Calidade. A mobilización do estudantado, que amosa comparativamente menores niveis de participación no SGC, pode verse fomentada utilizando como impulsores a membros do seu colectivo, como representantes do estudantado, delegados/as de curso e estudantado participante no programa de Titores A Ponte. | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: xullo 2024 |
| | Fin: decembro 2026 |
| Acción 1: Fomentar a participación do PDI nas enquisas de satisfacción do SGC | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos | Período de execución: xullo 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: % de participación |
| | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior |
| Acción 2: Fomentar a participación do PTXAS nas enquisas de satisfacción do SGC | |
| Responsable da execución: responsable da Unidade de Apoio á Xestión | Período de execución: xullo 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: % de participación |
| | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior |
| Acción 3: Fomentar a participación do estudantado nas enquisas de satisfacción do SGC | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos | Período de execución: xullo 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: % de participación |
| | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior |
| Acción 4: Realizar actividades para promover a integración do estudantado de novo ingreso | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: actas das Comisións de títulos | Indicador: nº de actividades realizadas |
| | Meta: realizar 2 actividades por curso |
| **Obxectivo estratéxico 2.2.**<br>**Manter contacto co colectivo de egresados dos títulos da Facultade** | |

| | | |
|---|---|---|
| **Xustificación do obxectivo:** A opinión e experiencia laboral e profesional do estudantado egresado das titulacións do centro é central para adecuar e mellorar a formación impartida co fin de axustala ás demandas da profesión, polo que é imprescindible traballar no mantemento do contacto con este colectivo e facilitar a través de medios telemáticos a súa participación nas enquisas de satisfacción coa titulación. | | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: xullo 2024 | |
| | Fin: decembro 2026 | |
| Acción 1: Avaliar o índice de empregabilidade e o nivel de axuste entre a formación recibida e as demandas do exercicio profesional | | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos | Período de execución: xullo 2024 - decembro 2026 | |
| Evidencia documental: enquisa de satisfacción | Indicador: % de participación | |
| | Meta: aumentar un 10% de participación con respecto ao curso anterior | |
| Obxectivo estratéxico 2.3.<br>Incorporar a profesionais en exercicio e/ou potenciais empregadores no funcionamento da Facultade | | |
| **Xustificación do obxectivo:** A óptima implementación do Sistema de Garantía de Calidade do centro beneficiaríase da incorporación do colectivo de profesionais en exercicio e potenciais empregadores no funcionamento do centro e nos procesos consultivos. A rede de colaboración establecida entre a Facultade e os profesionais en exercicio que colaboran na titorización das prácticas externas é o soporte da implicación deste colectivo no funcionamento do SGC, que terá a función fundamental de comité consultivo que asesore ao centro na mellora da formación e das dinámicas de funcionamento. | | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: xullo 2024 | |
| | Fin: decembro 2026 | |
| Acción 1: Crear un comité consultivo de expertos profesionais conformado por profesionais en exercicio e/ou empregadores para contribuír ao axuste entre o ámbito académico e o profesional | | |
| Responsable da execución: Comisión de Calidade do Centro | Período de execución: xullo 2024 - decembro 2024 | |
| Evidencia documental: acta da Comisión de Calidade | Indicador: aprobación da constitución do comité pola CCC | |
| | Meta: crear o comité consultivo | |

| | |
|---|---|
| LIÑA ESTRATÉXICA 3: OPTMIZACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS | |
| Obxectivo estratéxico 3.1.<br>Mellorar as competencias do PDI e o PTXAS do centro promovendo a súa actualización formativa | |
| **Xustificación do obxectivo:** A actualización do PDI e PTXAS en competencias que permitan o seu óptimo desempeño profesional é imprescindible para poder ofrecer ao estudantado unha formación de calidade. Especialmente, a formación do PDI en metodoloxías de innovación docente que integren as novas tecnoloxías no proceso ensinanza axudará a optimizar a aprendizaxe do estudantado. Así mesmo, as colaboracións e o ambiente formativo que se establecen nas estadías docentes e de investigación propician a incorporación de novas competencias e perspectivas metodolóxicas no repertorio do PDI, contribuíndo á súa actualización formativa e repercutindo positivamente na calidade da docencia das nosas titulacións. | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: setembro 2024 |
| | Fin: decembro 2026 |

| | |
|---|---|
| Acción 1: Solicitar e organizar actividades que contribúan á adquisición de competencias de innovación docente e de investigación do PDI | |
| Responsable da execución: coordinadores/as de títulos; directores/as de departamento | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: I-6 Participación do PDI nos plans de formación | Indicador: % de participación |
| | Meta: aumentar nun 5% a participación con respecto ao curso anterior |
| Acción 2: Fomentar a participación do PDI en estadías e programas de intercambio nacional e internacional | |
| Responsable da execución: vicedecana de mobilidade; directores/as de departamento; responsables de grupos de investigación | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: I-10 Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título | Indicador: % de participación |
| | Meta: aumentar nun 5% a participación con respecto ao curso anterior |
| Acción 3: Solicitar a organización de actividades que contribúan ao desempeño profesional do PTXAS | |
| Responsable da execución: responsable da Unidade de Apoio á Xestión | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: I-7 Participación do PTXAS nos plans de formación | Indicador: % de participación |
| | Meta: aumentar nun 5% a participación con respecto ao curso anterior |
| Obxectivo estratéxico 3.2.<br>Mellorar as infraestruturas e servizos de apoio á docencia promovendo a cultura da sostibilidade | |
| **Xustificación do obxectivo:** O mantemento e actualización sostible das infraestruturas e do equipamento docente e de servizos que dan apoio á docencia é fundamental para garantir a calidade da formación impartida ao estudantado e para que o persoal implicado nestes procesos poida desempeñar a súa labor profesional de xeito eficiente. Os procedementos académicos e de xestión tamén deben converterse en máis sostibles. A humanización e a creación de espazos de convivencia no centro tamén é un elemento que debe ser atendido en tanto contribúe a promocionar a saúde laboral e a facilitar a implicación en comportamentos de sostibilidade. | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: setembro 2024 |
| | Fin: decembro 2026 |
| Acción 1: Incrementar a sostibilidade das infraestruturas e procedementos académicos e de xestión | |
| Responsable da execución: decana; responsable da Unidade de Apoio á Xestión; coordinadores/as de títulos | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: acta de XF | Indicador: nº accións realizadas |
| | Meta: realizar 2 accións por curso para mellorar a sostibilidade do centro |
| Acción 2: Renovar os espazos físicos e o equipamento necesario para prestar un servizo de calidade na docencia, na investigación e no funcionamento xeral do centro | |
| Responsable da execución: decana | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: acta de XF | Indicador: nº de espazos revisados |
| | Meta: investir en dotación, mantemento |

| | |
|---|---|
| | e/ou equipamento de 2 espazos por curso |
| Acción 3: Dotar e manter espazos e infraestruturas de convivencia para o aproveitamento da permanencia no centro | |
| Responsable da execución: decana | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: acta de XF | Indicador: nº de espazos revisados |
| | Meta: investir en dotación e/ou mantemento de 1 espazo por curso |

| LIÑA ESTRATÉXICA 4: TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO E RELACIÓN COA CONTORNA SOCIAL | |
|---|---|
| **Obxectivo estratéxico 4.1.**<br>**Fortalecer o compromiso coa transferencia efectiva de coñecemento cara á sociedade** | |
| **Xustificación do obxectivo:** A promoción de sinerxias entre o ámbito académico-investigador e o ámbito profesional, os grupos de investigación e entidades externas, é a base do establecemento de colaboracións que reporten na sociedade o coñecemento científico, tendo en especial consideración a sinerxia entre a Facultade e o COPG, así como a contribución da Cátedra Cruz Roja na potencial transferencia de coñecemento á contorna social. Do mesmo modo, a prestación de servicios psicolóxicos á comunidade en distintos eidos profesionais a través das unidades asistenciais vinculadas ao Servizo de Psicoloxía da Facultade é un piar fundamental da transferencia de coñecemento efectivo que debe ser coidado. | |
| Responsable de seguimento: responsable de calidade | Inicio: setembro 2024 |
| | Fin: decembro 2026 |
| Acción 1: Promocionar iniciativas de investigación e colaboración profesional en distintos contextos de intervención e, en especial, no campo da atención e coidados a colectivos vulnerables | |
| Responsable da execución: responsables de grupos de investigación; IPs de proxectos de investigación/convenios de colaboración; director académico da Cátedra Cruz Roja | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: Memoria de Calidade | Indicador: nº de iniciativas de colaboración |
| | Meta: realizar 4 iniciativas de colaboración por curso |
| Acción 2: Fomentar a transmisión do coñecemento psicolóxico e as súas aplicacións ao contorno social a través da colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia | |
| Responsable da execución: decana; coordinadores/as de títulos | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: Memoria de Calidade | Indicador: nº de actividades realizadas |
| | Meta: colaborar na organización de 3 actividades por curso |
| Acción 3: Manter e promocionar a actividade das Unidades do Servizo de Psicoloxía que prestan servizo asistencial psicolóxico á comunidade | |
| Responsable da execución: decana; directores/as das unidades asistenciais | Período de execución: setembro 2024 - decembro 2026 |
| Evidencia documental: memoria anual das unidades | Indicador: nº de unidades activas |
| | Meta: manter activo o servizo das 9 unidades asistenciais |

# 7. Desenvolvemento do PEC

Durante o proceso de elaboración do PEC destácanse as seguintes fases:

- Fase de planificación: revisión dos PECs previos e contextualización do PEC actual.
- Fase de elaboración da proposta estratéxica: análise da diagnose estratéxica e proposta de liñas estratéxicas do PEC (difusión a grupos de interese internos).
- Fase de elaboración integral do PEC: definición da MVV do centro e establecemento dos obxectivos estratéxicos (difusión a grupos de interese internos e externos).
- Fase de aprobación: revisión final e aprobación do PEC (difusión a grupos de interese internos e externos).

## 7.1. Comisión responsable da elaboración do PEC

De acordo co proceso *PE-01 Planificación Estratéxica* do Manual de Procesos do SGC da Facultade de Psicoloxía, o equipo decanal da Facultade é responsable de nomear a comisión ou grupo responsable para a elaboración do PEC. A comisión nomeada foi a Comisión de Calidade do Centro na súa totalidade, co fin de distribuír a responsabilidade e a carga de traballo entre todos os seus membros. No momento da elaboración do PEC, dita comisión estivo integrada por:

- Mª José Sampedro Vizcaya. Decana do centro (Presidenta da Comisión).
- Olalla Cutrín Mosteiro. Responsable de Calidade do centro.
- Paula Pazo Álvarez. Coordinadora do título de Grao en Psicoloxía.
- Mª Lourdes Mirón Redondo. Coordinadora do Máster en Psicoloxía.
- David Facal Mayo. Coordinador do Máster en Psicoxerontoloxía.
- Ana López Durán. Coordinadora do Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria.
- Mª Luísa Bercero Redondo. Responsable da Ud. de Apoio á Xestión do Centro (Secretaria da Comisión).
- Mónica Alzate García. Directora Dpto. Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía e Coordinadora área de Psicoloxía Social.
- Mª Teresa Braña Tobío. Coordinadora área de Metodoloxía das CC. do Comportamento.
- Santiago Galdo Álvarez. Coordinador área de Psicobioloxía.
- Xosé Antón Gómez Fraguela. Coordinador área de Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxicos.
- Luis Miguel Jiménez García. Coordinador área de Psicoloxía Básica.
- Mª del Carmen Míguez Varela. Directora Dpto. Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía.

- Eva María Taboada Ares. Directora Dpto. Psicoloxía Evolutiva e da Educación e Coordinadora área de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.
- Mercedes Novo Pérez. Representante área de Psicoloxía Organizacional e Xurídico-Forense.
- Claudia Giganto Vázquez. Representante do estudantado.
- Daniel González Pérez. Representante do estudantado.
- Manuela Hernández Seijas. Representante do estudantado.

## 7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC

Os grupos de interese internos directamente implicados no funcionamento do centro, nomeadamente Persoal Docente e Investigador, Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos, e estudantado, participaron na elaboración do PEC a través da súa representación na CCC, como comisión responsable da súa elaboración, e a través da revisión pública da proposta e aportación de suxestións, que foron integradas na versión final do PEC sometido a aprobación pola Xunta de Facultade. Os grupos de interese externos relacionados co funcionamento do centro, nomeadamente estudantado egresado e profesionais en exercicio (membros do COPG e/ou colaboradores na titorización de prácticas externas; potenciais integrantes do Comité Consultivo Externo), participaron na elaboración do PEC a través da revisión da proposta e aportación de suxestións, que foron integradas na versión final do PEC sometido a aprobación pola Xunta de Facultade.

## 7.3. Difusión do PEC

De acordo co proceso *PE-01 Planificación Estratéxica* do Manual de Procesos do SGC da Facultade de Psicoloxía, procedeuse á difusión pública da proposta de PEC entre os distintos grupos de interese, incluíndo ao colectivo de estudantado egresado e profesionais da Psicoloxía en exercicio, establecendo o procedemento para recoller as suxestións que puideran mellorar o texto e motivando a súa participación en prol dun ensino de calidade.

Durante a fase de elaboración da proposta estratéxica, procedeuse á difusión da diagnose estratéxica aos grupos de interese internos (PDI, PTXAS, estudantado) a través da súa representación en CCC. Durante a fase de elaboración integral do PEC, procedeuse á súa difusión a través da publicación na páxina web institucional do centro e do envío por correo electrónico aos grupos de interese internos (PDI, PTXAS, estudantado) e externos (estudantado egresado e profesionais en exercicio). Unha vez aprobado o PEC, procederase do mesmo xeito á difusión pública do documento a través da publicación na páxina web institucional do centro e do envío por correo electrónico aos grupos de interese internos e externos.